Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena dos Encantos de Vilarmeor

Atópase en Vilarmeor, na parroquia de Ouviaño, concello de Negueira de Muñiz (Lugo).
Segundo me contaron os veciños don José Marondo, de 93 anos, e don Hortensio, arredor da pena hai a lenda dunha moura que adoitaba aparecerse xunto dunha fonte que hai no lugar, encantando a todo aquel que dubidara do seu poder. Don José lembra que a principios dos anos trinta do pasado século XX uns homes baixaron con cordas pola pena para ver de atopar o tesouro que agocha.

[Texto e fotografía de Xabier Moure Salgado. Setembro de 2013]

